

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte 73/2021

Sendo aprobado inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal da taxa por Comunicación Previa e Declaración Responsable do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 25/03/2021, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e públicase integralmente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Régime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación do regulamento, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobado con carácter definitivo é o seguinte:

“ARTIGO 6.- TARIFA

<i>6.1 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico terciario e outras actividades análogas, por cada m² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.</i>	<i>.....0,80 €/m²</i>
---	----------------------------------

<i>6.2 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico industrial e artesanal, e outras actividades análogas, por cada m² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.</i>	<i>.....0,50 €/m²</i>
---	----------------------------------

<i>6.3 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico de equipamentos, e outras actividades análogas, por cada m² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.</i>	<i>.....0,50 €/m²</i>
--	----------------------------------

<i>6.4 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico agropecuario ou forestal, e outras actividades análogas, por cada m² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.</i>	<i>.....0,25 €/m²</i>
---	----------------------------------

Non se computarán aos efectos da superficie construída, a de silos, fosas, soleiras, plataformas, esterqueiras e outras construcións e instalación auxiliares análogas, necesarias para o desenvolvemento da actividade por cumprimento de medidas ambientais, de salubridade e/ou de xestión de residuos.”

Guitiriz, 25 de maio de 2021.- A ALCALDESA, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1546

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 248/2021

Sendo aprobado inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa do Concello de Guitiriz” por acuerdo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 25/03/2021, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e públicase integralmente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Régime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se podrá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.